

San Martín de Suarna, A Fonsagrada, Maio 1980

Informante: Ester (62 anos)

Compiladora: Dorothe Schubarth

Transcripción: Dorothe Schubarth e Antón Santamarina



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

.....

Con Rosa da
e contentiños os dous
de prisa puxeron casa.

Rosa era costureira
e Xan un fidalgo de ...
por eso cavar na terra
nunca lle fixera gracia.

Dela namorouse Xan
polo ben que practicaba
e tamén polo donaire
que gastaba nas ruadas.
Moito lle querí' ò mozo
o con semellante causa
nunca lle deixou facer
pinta de labor na casa

Rosa como vía tal
xa non daba unha puntada
pasab' os días i as noites
cas veciñas de parranda
mentras Xan muncía as vacas
mentras Xan varría a casa
e poñí' ò pote ó lume
i hastra lle fací' à cama

Nenas, que casar quereis
non sabe-lo que é casar
non puñai-lo xugo ós homes
sobre o goberno da casa
que por Xanciños que sean
se a carga se fai pesada
arrenegan mui axiña
da muller que non traballa.